



Concello de Vilalba

DECRETO de S. S^a la alcaldesa, dona M.^a Elba Veleiro Fernández

Aprobación da composición do xurado do XLVII Certame de Poesía do Concello de Vilalba.

Expte. 241/2021

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Visto que en Xunta de Goberno Local celebrada o 9 de febreiro de 2021 aprobáronse as “Bases do XLVII Premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba 2021”.

Visto que na cláusula Sétima de ditas bases, se indica que a composición dos membros do xurado darase a coñecer por resolución da alcaldía, e farase pública na páxina web <https://www.vilalba.gal/> e na Sede Electrónica do concello.

Visto que os compoñentes deste xurado levan valorando este Certame Literario desde fai anos con plena satisfacción e tendo en conta o seu prestixio profesional no ámbito da cultura.

De acordo coas atribucións que me confire o art. 21.1 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e en aplicación do art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, **resolvo:**

Primeiro. Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, a cal foi delegada por Decreto n.º 375 de data 2 de xullo de 2019 na Xunta de Goberno Local.

Segundo. Aprobar a composición dos membros do xurado para o “XLVII Premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba 2021”:

M^a ELBA VELEIRO FERNÁNDEZ, en substitución da Concelleira de Cultura, Comunicación e Igualdade, que actuará como presidenta.

DARÍO VILLANUEVA PRIETO, Membro da Real Academia Española.

RAMÓN VILLARES PAZ, Catedrático de Historia

FIDEL FERNÁN VELLO, Director do Grupo de Radio Principal.

XULIO XIZ RAMIL, Xornalista

e o/a técnica/o de cultura que actuará como secretario/a.

Terceiro. Dar publicidade na sede electrónica e na páxina web www.vilalba.gal e nos distintos medios de comunicación, cumprindo así coa cláusula Sétima das “XLVII Premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba 2021”.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 79KFVWMT9CHDQNUCLDALXY9SK | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páxina 1 de 2



Concello de Vilalba

tramitación, así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

Manda e asina S. S^a a alcaldesa, do que eu secretaria en funcións, M^a del Carmen Carreiras Galdo dou fe.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 79KFWMT9CHDQNUCLDALXY9SK | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestión | Página 2 de 2